



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde con esta data ditou o seguinte Decreto:

DECRETO. Convocatoria sesión ordinaria Pleno.

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e acordo do Pleno da Corporación, no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril en relación co artigo 61.1.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

1º.-Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación a realizar o próximo día 26 de abril de 2017 ás 19:30 horas no salón de sesións da Casa do Concello.

2º.-Notifíquese a presente convocatoria a tódolos membros da corporación.

3º.-A orde do día constará dos seguintes asuntos:

Parte resolutive.

1.- Aprobación si procede de acta de sesión anterior.

2.- Convenio de Cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Cabanas para a construción dun circuíto de motocross.

3.-Proxecto modificado depuración e rede de saneamento no Lugar de Valedoso (Santa Cruz do Salto).

4.- Proposta concelleiro BNG sobre investimentos para Cabanas nos Orzamentos Xerais do Estado para 2017.

5.- Iniciativa Grupo Socialista para habilitar praia canina.

Parte de control órganos da Corporación.

6.- Informes da Presidencia.

a) Resolucións da Alcaldía.

b) Liquidación orzamento 2016.

c) Informe Intervención liquidación orzamento 2016.

d) Informe sobre orzamento 2017.

7. Rogos e preguntas.

A partir desta data a documentación dos asuntos incluídos na orde do día está a súa disposición na Secretaría do Concello.

O que traslado a Vde. en cumprimento do ordenado da devandita Resolución, indicándolle que de acordo co establecido no artigo 90.2 do mencionado Regulamento, de non existir o quórum necesario esixido no artigo 90.1, entenderase convocada a sesión en segunda convocatoria a realizar a mesma hora dous días despois da sinalada para a primeira.

Cabanas, 21 de abril de 2017.

O Secretario

Asdo.: Antonio López Vila.

Sras/es. Concelleiras/os da Corporación de Cabanas.

